

**PROBAS DE ACCESO A UNIVERSIDADE (PAAU)
CONVOCATORIA DE SETEMBRO
Curso 2006-2007
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
COMPOSICIÓN DE TEXTO FILOSÓFICO
(Cód. 08)**

1. Con carácter xeral: os que figuran no Deseño Curricular Base da materia, que se aplicarán á composición realizada:

- a) Situar e contextualizar adecuadamente o filósofo estudado no seu marco histórico e filosófico.
- b) Relacionar o problema filosófico estudado coas principais condicións socioculturais nas que aparece e ás que pretendeu dar resposta.
- c) Mostrar e recoñecer a implicación dos sistemas filosóficos no desenvolvemento histórico das ideas e dos cambios sociais.
- d) Coñecer e manexar adecuadamente o vocabulario filosófico básico adquirido na filosofía do bacharelato.
- e) Analizar o contido do texto filosófico proposto, con rigor metodolóxico, identificando os problemas, os conceptos e os termos específicos que aparecen, facendo explícita a súa estrutura expositiva (teses, argumentos e conclusións).
- f) Expoñer, de modo claro e ordenado, as liñas fundamentais do problema prantexado, dentro do pensamento do autor ó que pertence.
- g) Mostrar as súas propias reflexións sobre o tema tratado.

2. Con carácter específico: Avaliarase...

- a) a capacidade do/da alumno/a para interpretar o texto en relación co tópico co que se vincula.
- b) a comprensión do tópico mencionado e os coñecementos relacionados con el.
- c) os coñecementos sobre o pensamento do autor.
- c) a capacidade crítica, o rigor conceptual, a coherencia, precisión e claridade expositiva, así como todo o que poida contribuir a mostrar a comprensión dos problemas filosóficos prantexados, tanto no texto como na temática suxerida.

Avaliación da Composición: de 0 a 10 puntos.